



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 04 DE SETEMBRO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2.- Proposta das concelleiras delegadas de Deportes e Políticas Sociais e Saúde relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de vixilancia de instalacións municipais: Lote I: Vixilancia das dependencias da UMAD; Lote II: Vixilancia do estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II ; Lote III: Control e mantemento dos sistemas de seguridade complementarios e de verificación persoal de alarmas do estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor de:

- Lote I: empresa SEGURSYSTEM EUROPA SLU, que oferta un prezo de 49.278,46 euros (IVE engadido) e compromete unha bolsa de 2.036,30 euros para investimentos, un tempo de resposta de 10 minutos dende o aviso da receptora de alarmas e 80 horas gratuitas ao ano dun vixiante uniformado.
- Lote II: empresa SEGURSYSTEM EUROPA SLU, que oferta un prezo de 92.637,6 euros (IVE engadido) e compromete ademais 60 horas gratuitas ao ano dun vixiante uniformado.
- Lote III: EMPRESA SEGURSYSTEM EUROPA, que oferta un prezo de 4.130,55 (IVE engadido) e compromete ademais unha bolsa de 170,68 euros para investimentos, un tempo de resposta de 10 minutos dende o aviso da receptora de alarmas e a realización dun estudo diagnóstico da situación actual da instalación.

Son as ofertas máis vantaxosas das presentadas.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á estimación da solicitude de ampliación do prazo de "Execución das obras definidas no proxecto modificado denominado "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR". Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020. Acórdase estimar a solicitude de ampliación do prazo de execución da obra "Reurbanización da rúa

Clara Campoamor” realizada polo contratista ACCIONA CONSTRUCCIÓN, SA.; e concédese unha ampliación de 13 días laborables a contar dende o 6/09/2020, data de remate inicial da obra, dado que se suspendeu durante 21 días pola COVID-19. Fíxase como data de fin do prazo de execución o 23/09/2020.